

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 20 de xuño de 2005 pola que se publica o tipo de xuro de referencia para o segundo semestre de 2005 para as operacións acollidas ao programa de préstamos para financiar producións audiovisuais na Comunidade Autónoma de Galicia.

Mediante Resolución do 26 de abril de 2002 publicouse o programa de préstamos para financiar producións audiovisuais na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 87, do 7 de maio de 2002).

No punto cuarto determínase a operativa do préstamo, establecéndose que o tipo de xuro variará por semestres naturais, publicándose o dito tipo de referencia para cada semestre no *Diario Oficial de Galicia*.

Visto o exposto e unha vez verificados os datos relativos á evolución do mibor e euribor, en virtude das facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.-O tipo de xuro de referencia para o segundo semestre de 2005 para as operacións acollidas ao programa de préstamos para financiar producións audiovisuais na Comunidade Autónoma de Galicia será o 2,144%.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2005.

Margarita Rodríguez Rama
Directora xeral do Instituto Galego de
Promoción Económica

Resolución do 20 de xuño de 2005 pola que se publica o tipo de xuro de referencia para o segundo semestre de 2005 para as operacións acollidas ao convenio polo que se establece unha liña de avais para financiar a adquisición de dereitos de pesca por parte de agrupacións de produtores para o acceso da frota galega a caladorios.

Mediante Resolución do 5 de novembro de 2004 publicouse o contido do convenio polo que se establece unha liña de avais do Instituto Galego de Promoción Económica para financiar a adquisición de dereitos de pesca por parte de agrupacións de produtores para o acceso da frota galega a caladoiros, suscrito entre o IGAPE e as entidades financeiras (DOG nº 222, do 15 de novembro de 2004).

Na cláusula quinta determínanse as características das operacións de préstamo, establecéndose que o tipo de xuro variará por semestres naturais, publicándose o dito tipo de referencia para cada semestre no *Diario Oficial de Galicia*.

Visto o exposto e unha vez verificados os datos relativos á evolución do mibor e euribor, en virtude das facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.-O tipo de xuro de referencia para o segundo semestre de 2005 para as operacións acollidas ao convenio polo que se establece unha liña de avais para financiar a adquisición de dereitos de pesca por parte de agrupacións de produtores para o acceso da frota galega a caladorios será o 2,144%.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2005.

Margarita Rodríguez Rama
Directora xeral do Instituto galego de
Promoción Económica

Resolución do 20 de xuño de 2005 pola que se publica o tipo de xuro de referencia para o segundo semestre de 2005 para as operacións acollidas ao programa de préstamos para financiar proxectos en materia de innovación tecnolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Mediante Resolución do 25 de abril de 2005 publicouse o programa de préstamos para financiar proxectos en materia de innovación tecnolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 84, do 3 de maio de 2005).

No punto cuarto determínase a operativa do préstamo, establecéndose que o tipo de xuro variará por semestres naturais, publicándose o dito tipo de referencia para cada semestre no *Diario Oficial de Galicia*.

Visto o exposto e unha vez verificados os datos relativos á evolución do mibor e euribor, en virtude das facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.-O tipo de xuro de referencia para o segundo semestre de 2005 para as operacións acollidas ao programa de préstamos para financiar proxectos en materia de innovación tecnolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia será o 2,144%.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2005.

Margarita Rodríguez Rama
Directora xeral do Instituto Galego de
Promoción Económica